

PEZA DO MES

outubro

2010



BO PASTOR



BO PASTOR

Esta pequena talla de marfil responde a unha das iconografías máis estendidas e atractivas dentro das artes coloniais peninsulares de época barroca e a que máis interese despertou entre os historiadores da arte, como ben recolle Margarita M. Estella no seu libro *La escultura barroca de marfil en España. Escuelas europeas y coloniales* (Madrid, 1984), obra de especial importancia para o coñecemento da arte da eboraria dos séculos XVII e XVIII e no que a autora cataloga ata un total de once exemplares, máis ou menos completos, de imaxes deste tipo.

Representa unha figura masculina sentada e coas pernas cruzadas. Ten o brazo dereito levantado e sobre a man repousaría a cabeza, hoxe perdida, nunha actitude de meditación ou ensoño. Calza sandalias e viste unha zamarra ou túnica curta cinguida por unha banda anoada á fronte, da que pende unha cabaza, á súa dereita. Sobre o peito cruza o cordón do que colga o zurrón no costado esquerdo.

A presenza de dous cordeiros, un sobre o seu ombreiro esquerdo e outro suxeito coa súa man esquerda sobre o colo, proporcionáanos os datos necesarios

para interpretar a imaxe como a figura de Xesús no seu rol de Bo Pastor.

O tratamento das roupas, en pequenos cadradiños, é igual ao que presentan os años e busca reflectir a textura do vellón.

A peza conserva leves restos de policromía de cores vermellón, castaño e dourado.

Consta o seu ingreso nas coleccións do Museo como doazón do que fora presidente da Coral de Ruada entre 1942 e 1948, Antonio García Nóvoa, poeta afeccionado coñecido como “Perniñas”, e quedou rexistrada co número 419. As súas medidas actuais, 7,9 cm de altura por 4,2 cm de anchura e 3,1 cm de profundidade, son menores que as que tivo orixinalmente, pois, como xa dixemos, está incompleta. Perdeu a cabeza que estaría tallada nunha peza independente, a xulgar polo oco no que iría encaixada, e onde se aprecia unha especie de parafuso para enroscala. Fáltanlle tamén algúns dos dedos da man dereita e a cabeza do cordeiro que leva sobre o ombro, así como parte da perna dereita que foi substituída por outra que reproduce a orixinal e aparece unida cun pequeno remache. Pero, ademais, perdeu a base sobre a que asentaba, unha especie de montaña que é característica deste tipo de imaxes.

Pezas deste tipo, clasificadas segundo os diversos estudosos como obras de arte luso-india ou indo-portuguesa, aparecen hoxe en museos e coleccións públicas ou privadas de toda Europa, pero tamén do outro lado do Atlántico sobre todo en México e Brasil. Trátase de tallas realizadas durante o século XVII na cidade india de Goa por artistas ou artesáns anónimos de orixe local, que tiñan xa unha longa tradición na talla do marfil. Parece que a súa produción foi masiva e que o prototipo orixinal puido ser copiado e repetido nas illas Filipinas e dende ambos os territorios serían exportadas a toda Europa para a súa venda nos distintos mercados, xunto a outros numerosos obxectos exóticos como sedas, lacas, porcelanas e especias. Existen noticias tamén do seu envío como regalos a templos e catedrais das terras de procedencia por parte dos peninsulares establecidos nas colonias orientais. A ruta do galeón de Manila, empresa que se organizaba de forma regular todos os anos entre a capital filipina e Acapulco e logo desde a cidade de Veracruz, no occidente mexicano, á Península Ibérica, sería a que seguirían as pezas filipinas ou mesmo indias comercializadas por España e a que explicaría a presenza numerosa de imaxes como a comentada en México. Por outra banda, a ruta controlada polos portugueses entre o Oriente – neste caso Goa – e Portugal, con escala nas costas máis orientais de Brasil, sería a que xustificaría a abundancia de pezas de semellantes características no territorio brasileiro.

Goa, capital do Imperio portugués de Asia durante máis de catrocentos anos, desde a súa conquista por Afonso de Albuquerque en 1510 ata a súa anexión pola India en 1961, foi un enclave costeiro privilexiado


nas rutas comerciais dada a súa estratéxica posición entre Asia e Occidente. Pronto sería tamén lugar de asentamento das diversas ordes relixiosas cristiás, principalmente xesuítas, pero tamén franciscanos, dominicos e agostiños, cuxa principal misión consistiu na conversión dos pobos pagáns á fe cristiá. Como consecuencia desta vocación misioneira e evanxelizadora foron erguidas numerosas construcións relixiosas que fixeron que esta cidade fose coñecida como a Roma de Oriente e que finalmente o conxunto das súas igrexas e conventos fosen declarados como Patrimonio da Humanidade en 1986. Ao longo da época de evanxelización lusitana, para promover a eficacia da súa mensaxe, a Igrexa foi introducindo nas sociedades orientais a simboloxía cristiá adaptando imaxes de carácter pagán, habituais nesas culturas. Crearanse, deste xeito, orixinais iconografías de fusión, como a da peza que hoxe presentamos.

A feitura da imaxe é practicamente igual en todos os exemplares coñecidos, variando en pequenos detalles como o tipo de cabaza ou cantimplora, o remate da túnica ou o tratamento do cabelo, case sempre en mechas ensortelladas. O rostro é, en todos eles, o dunha persoa nova, cos ollos pechados de pálpebras avultadas e expresión serena.

As diferenzas fanse máis notables na base que lle serve de asento. A máis habitual é un pedestal en forma de montaña rochosa, dividida en tres pisos ou rexistros, que aparece decorada con diversas escenas, máis ou menos complexas segundo os exemplares. Na parte superior soe tallarse case sempre unha fonte, interpretada como Fonte da Vida ou de Gracia, na que beben diversos animais de carácter simbólico como aves e ovellas. Na parte inferior e común a representación dunha cova que acubilla unha escena do nacemento ou a imaxe da Magdalena penitente recostada e lendo. O resto énchese con imaxes de santos, grupos de ovellas e cordeiros pacendo e motivos diversos de flora e fauna de estirpe oriental. En ocasións a figura non asenta directamente na montaña senón nunha especie de corazón, mentres que outras pezas, máis recargadas, poden levar unha imaxe de Deus Pai en relevo sobre a cabeza do Neno ou unhas ramas que sobresaen no fondo e aos lados do conxunto.

A importancia destas pezas reside non tanto na súa calidade artística como no valor que teñen como manifestación dunha singular forma de mestizaxe, dun orixinal sincretismo relixioso e artístico entre o mundo occidental e as culturas asiáticas. En concreto, recoñécese nelas un innegable substrato oriental, presente nalgúns dos motivos decorativos da peaña pero, sobre todo, no parecido da figura na súa postura e expresión coas imaxes da meditación de Buda, no que supón unha interesante síntese coa figura cristiá do Bo Pastor.

A iconografía do Bo Pastor, unha das primeiras representacións de Cristo de carácter antropomorfo, ten a súa orixe na arte paleocristiá do século II. A idea está



tomada da Biblia, tanto do Antigo Testamento (Salmo XXIII, *O Señor é o meu pastor; Isaías 40, 11, Como pastor pastorea o seu rabaño; Ezequiel 34, 12, Como un pastor[...] así velarei eu polas miñas ovellas*), como do Novo Testamento (San Lucas 15, 3-7, *Se un de vós perde unha ovella das cen que ten ¿non deixa as outras noventa e nove para ir en busca da que perdeu, ata topala?; San Xoán 10, 11-16, Eu son o bo pastor, o bo pastor dá a súa vida polas ovellas [...]. Tamén teño outras ovellas que non son deste redil; tamén a estas teño que as reconducir e escoitarán a miña voz*). Nestas citas, Cristo aparece de forma simbólica como o pastor que coida e rescata as ovellas descarriadas –alegoría da alma cristiá–, pero tamén como o cordeiro que co seu sacrificio redime a humanidade. Non se trata, porén, dunha creación nova. A imaxe remítenos a outras de simboloxía pagá creadas e recreadas polas culturas grega e romana. A inspiración parte da figura do Crióforo que, co cordeiro sobre os ombros, representaba os portadores das ofrendas nos holocaustos, ritual que tamén reflicte o Moscóforo da Acrópole de Atenas. Así mesmo, a imaxe do Bo Pastor, relaciónase co mito de Orfeo, aquel músico e poeta lendario que coa súa lira calmaba os animais.


O tema, que sería un dos predilectos da arte cristiá primitiva dende as primeiras representacións nos frescos das catacumbas romanas, desapareceu durante a Idade Media, cando Cristo comezou a representarse con figuración humana máis real, para reaparecer con forza nos séculos XVI e XVII, constituíndo estas pequenas figuras realizadas en marfil unha das súas manifestacións máis suxestivas.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico

XACOBEO 20 0
Ga ca

XUNTA
DE GALICIA